



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

Nº 26

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase

Artigo 1º . Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 149 e seguintes, 137 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 da Lei Reguladora das facendas locais, Texto Refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Boqueixón establece a taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas ou pola reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase á que se refire o artigo 20.3 da devandita Lei de Facendas Locais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º . Feito imponible

Constitúe o feito imponible a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación deste para a entrada de vehículos a través das beirarrúas ou pola reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

Artigo 3º . Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o art. 35 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria que gocen, utilicen o aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular.

2. Terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios das fincas e locais a que dean acceso as entradas de vehículos, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os beneficiarios.

Artigo 4º . Base imponible

A base tributaria estará constituída, segundo ó feito imponible:

1. Polo número, en metros da lonxitude da entrada.

2. Polo número de prazas no caso de garaxes comunitarios.

Artigo 5º . Cota tributaria

1. A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a resultante de aplicar as tarifas contidas no apartado seguinte.

2. Tarifa primeira:

a) Entrada de vehículos en vivendas unifamiliares, por metro lineal e ano: 11,42 euros.

b) Entrada de vehículos en garaxes comunitarios, por metro lineal e ano: 12,02 euros, multiplicados polos seguintes coeficientes, segundo o caso:

- De 2 a 9 prazas: coeficientes que van do 1,2 ó 1,9, segundo o número de prazas.

(Exemplo: un garaxe de 5 prazas e tres metros de entrada sería: $12,02 \times 3 \times 1,5 = 54,09$ euros)

- De 10 a 19 prazas: coeficientes do 2,0 ó 2,9

(Exemplo: garaxe de 15 prazas sería $12,02 \times 3 \times 2,5 = 90,15$ euros)

- De 20 a 29 prazas: coeficientes do 3,0 ó 3,9

- De 30 a 39 prazas: coeficientes do 4,0 ó 4,9

- De 40 a 49 prazas: coeficientes do 5,0 ó 5,9

Cando o número de prazas exceda de 49 irase calculando a taxa por tramos de dez en dez e multiplicando polo coeficiente que corresponda.

3. Tarifa segunda:

a) Entrada de vehículos en garaxes ou locais para a garda de vehículos podendo realizar reparacións destes, prestación de servizos de engraxado, lavado, petroleado, etc., ou repostar carburantes, por metro lineal e ano: 18,03 euros, calculándose a taxa do mesmo xeito ca no apartado anterior.

b) Entrada de vehículos en almacéns ou similares, por metro lineal e ano: 30,05 euros.

4. Tarifa terceira:

a) Reserva de aparcadoiros para carga ou descarga de mercadorías, por metro lineal e ano: 18,03 euros.

b) Reserva de espazos en vías públicas para carga ou descarga de materiais de construción, formigóns, mudanzas, etc., por día: 15,00 euros.

5. Placa:

O importe da placa deberá pagalo o interesado e o prezo será o de compra segundo o estipulado na factura.

Artigo 6º . Período impositivo e devengo

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de supostos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, xa que, neste caso abranguerá desde a data da concesión da autorización municipal ata o remate do ano natural.

2. A taxa devéngase o 1 de xaneiro de cada ano e as cotas serán irreducibles, agás nos casos de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local no que a data de solicitude non coincida co ano natural, prorratearase por semestres a partir da aprobación da solicitude pola Comisión de Goberno,

3. Así mesmo, e no caso de cesamento na utilización privativa ou aproveitamento especial as cotas serán prorrateables por semestres naturais, computando no prorrateo aquel no que se produce o cesamento.

Artigo 7º . Normas de xestión

1. Os interesados na obtención dunha autorización para utilizar privativamente ou para o aproveitamento especial do dominio público local para a entrada de vehículos a través das beirarrúas ou pola reserva da vía pública para o aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase deberán presentar unha solicitude nas oficinas xerais do concello, cubrindo o modelo establecido, que se lle facilitará nas devanditas oficinas.

2. Neste impreso especificase o lugar exacto da ocupación e se fai unha descrición desta.

3. Coa solicitude iníciase o expediente, inscrición no rexistro de vados e informe sobre a viabilidade desta ocupación.

4. Os servizos técnicos ou a Policía Local deste concello comprobarán as solicitudes presentadas e informaranas proponendo a concesión ou denegación da licencia.

5. Coa concesión da licencia practicarase a liquidación da taxa, así como o importe da placa e non se considerará concedida a licencia ata tanto non se xustifique o pagamento da débeda tributaria.

6. Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada anualmente mentres o interesado non presente declaración de baixa ou sexa revogada polo concello, de acordo co que se estableza na Ordenanza municipal de circulación.

Artigo 8º . Infraccións e sancións

Para todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias e á imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 181 e seguintes e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición adicional única

As modificacións que se introduzan na regulación do establecido nesta ordenanza polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o -----, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación. No caso de modificación parcial desta ordenanza fiscal os artigos non modificados continuarán vixentes. Esta ordenanza comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2005.